

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN  
DO SERVIZO DE SUMIDOIRO****ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE**

1.—Constitúe o feito imponible da Taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal. Estas condicións serán sinaladas segundo informe dos Servizos Técnicos Municipais e deberán ser de obrigado cumprimento polo solicitante da respectiva autorización.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuradas, procedentes e producidas no interior das vivendas, locais comerciais e industrias”

2.—Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar o terreo, sempre que no fagan uso da rede de sumidoiros.

**ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS**

E suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito imponible deste tributo.

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do Servizo.

**ARTIGO 3. RESPONSABLES**

Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas, consideradas para estes efectos segundo o disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

**ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte Tarifa:



## C O N C E P T O S

## A) Consumos:

— Vivenda Unifamiliar . . . . .	25,00 €
— Comercio . . . . .	36,00 €
— Bar . . . . .	66,00 €
— Restaurante . . . . .	82,00 €
— Taller, garaxe, estación lavado, etc . . . . .	123,00 €
— Fabrica . . . . .	204,00 €
— Fabrica de elaboración de peixe . . . . .	400,00 €
— Fabrica de elaboración de pedra . . . . .	400,00 €
— Residencia, hotel, Gasolineras . . . . .	245,00 €
— Hotel ou Residencia ata 15 Habitacións (inclusive)	125,00 €

## b) Altas de conexións:

— Altas, con carácter xeral . . . . .	300,00 €
---------------------------------------	----------

## ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS

Sera de aplicación unha bonificación do 20 % con carácter Xeral as familias numerosas e as persoas con minusvalía igual ou superior ao 33 % nas altas de conexión.

## ARTIGO 6. DEVENGO

1.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se principie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data da presentación da solicitude, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A obriga de contribuír por esta modalidade da taxa producirase con independencia de se haber obtido ou non a licencia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.—Os servicios de evacuación de excretas, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e nacerá a obriga de contribuír aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede”



**ARTIGO 7. LIQUIDACIÓN**

1.—Cando se presente a solicitude de licencia de acometida liquidarase e esixirase a Taxa correspondente, no momento da presentación da solicitude.

2.—Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase á liquidación e notificación da taxa, esixíndoselle-lo ingreso nos prazos previndos na Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.—unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores en recibo (padrón, censo, matrícula etc.).

**ARTIGO 8. INGRESO**

unha vez producida o alta, a Taxa exaccionarase por padrón, no período sinalado na tarifa, esixíndose o importe da mesma no prazo que sinala a Lei Xeral Tributaria para as débedas por recibo.

**ARTIGO 9. INFRACCIONS E SANCIONS**

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

**DISPOSICIÓN FINAIS**

1.—No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2.—A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

